

Resolución do 24 de setembro de 2025 pola que se publica a convocatoria marco para a concesión de axudas de mobilidade dentro do Programa Erasmus+ para a participación da comunidade universitaria en programas intensivos combinados (*Blended Intensive Programmes* - BIP) no marco da Alianza de Universidades Europeas EUniWell (*European University for Well-Being*) durante o curso 2025-2026

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización convoca axudas de mobilidade dentro do Programa Erasmus+ (KA131) para programas intensivos combinados (*Blended Intensive Programmes*, en adiante BIP) no marco da Alianza de Universidades Europeas EUniWell (*European University for Well-Being*).

Co obxecto de beneficiar a membros da comunidade universitaria que non poidan participar en estadias de longa duración, o programa Erasmus+ 2021-2027 ofrece ás universidades a oportunidade de financiar a participación en BIP coordinados por outra Institución de Educación Superior, que inclúen unha formación en liña combinada cunha actividade de mobilidade física de curta duración.

No ámbito da Alianza EUniWell, este tipo de programas permiten o fomento da mobilidade interinstitucional e a cohesión da Alianza, ao tempo que se potencia a formación transversal sobre o benestar para distintos perfís da comunidade universitaria, mediante a publicación periódica dunha oferta de cursos segundo o acordo de reparto de prazas entre as institucións socias.

Esta convocatoria está suxeita á normativa do programa Erasmus+ establecida polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), ao Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC, ou normativa que o substitúa, e ás seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA. OBXECTO E CARACTERÍSTICAS XERAIS DA CONVOCATORIA

1.1 O obxecto desta convocatoria marco é establecer as bases reguladoras do proceso de concesión de axudas de mobilidade de curta duración ao abeiro do programa Erasmus+ para a asistencia de membros dos distintos colectivos da comunidade universitaria a BIP organizados no curso 2025-2026 no marco da Alianza EUniWell para os que a USC teña adquirido o compromiso de mobilidade. Os programas BIP son actividades de curta duración de carácter transversal que inclúen unha parte de formación presencial e outra virtual, ambas obrigatorias.

1.2 A finalidade das axudas é ofrecer aos membros da comunidade universitaria a posibilidade de realizar unha estadia de curta duración nos BIP organizados no curso 2025-2026 polas universidades socias da Alianza EUniWell nos que a USC acorde participar institucionalmente. A oferta dos BIP amparados nesta convocatoria publicarase en **tres prazos** ao longo do curso, mediante as correspondentes resolucións que inclúen como anexos as fichas descritivas de cada BIP ofertado pola USC coas características, datas da mobilidade, requisitos específicos da oferta docente e o baremo de valoración. A publicación da oferta e as súas resolucións serán publicados no Taboleiro da Sede Electrónica da USC e na páxina da USC Internacional <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade/mobilidade-euniwell>.

1.3 O obxectivo principal dos BIP da Alianza EUniWell é o fomento de actividades transversais relacionadas co benestar desde distintos ámbitos orientadas á comunidade universitaria no seu conxunto, así como a potenciación das relacións e a cohesión das distintas institucións pertencentes á Alianza.

SEGUNDA. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

2.1 As persoas candidatas deberán estar debidamente matriculadas na USC ou posuír vinculación laboral vixente coa USC ou cos centros adscritos á Universidade.

2.2 Para solicitar estas axudas de mobilidade o **estudantado** deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na USC no curso académico 2025-2026 en titulacións oficiais e continuar con esa condición durante toda a duración do BIP. Queda excluído da convocatoria o estudantado matriculado na USC como visitante ou en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.
- b) Non ter realizado previamente estadias Erasmus+ que sumen no seu conxunto máis de 11 meses de mobilidade no mesmo ciclo educativo (grao, máster universitario ou doutoramento, a excepción do estudantado dos Graos en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria, que pode sumar até 23 meses).
- c) Acreditar a competencia lingüística mínima requirida na ficha específica de cada BIP. O nivel esixido por defecto será B1 de inglés, salvo que na ficha de cada BIP se indique outro nivel e/ou outra lingua.
- d) Cumprir calquera outro requisito indicado na oferta específica de cada BIP.

2.3 O persoal (PDI e PTXAS) solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Formar parte da nómina da USC ou dos centros adscritos á Universidade, tanto no momento de realizar a solicitude como durante todo o período de mobilidade.
- b) Acreditar a competencia lingüística mínima requirida na ficha específica de cada BIP. O nivel esixido por defecto será B1 de inglés, salvo que na ficha de cada BIP se indique outro nivel e/ou outra lingua.
- c) Cumprir calquera outro requisito indicado na oferta específica de cada BIP.

2.4 As persoas con nacionalidade distinta da española deberán contar cun Número de Identificación de Estranxeiros (NIE).

TERCEIRA. DURACIÓN DA MOBILIDADE

3.1 Os BIP constan dunha parte virtual (de duración variable en función do programa) e dunha compoñente presencial (mínimo 5 días). A duración e as datas exactas de cada BIP estarán descritas na ficha correspondente a cada curso que se publicará en cada un dos prazos de solicitude.

CUARTA. LUGAR DE REALIZACIÓN DA MOBILIDADE

4.1 A compoñente virtual do BIP poderá ter lugar na localización habitual das persoas participantes, mentres que a parte física requirirá da presenza obrigatoria na institución organizadora do programa ou no lugar que esta determine. Esta información estará recollida na ficha correspondente a cada curso que se publicará en cada un dos prazos de solicitude.

QUINTA. DOTACIÓN DAS AXUDAS

5.1 A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización destina para as mobilidades de curta duración amparadas por esta convocatoria 50.000 euros, con financiamento correspondente ao proxecto Erasmus+ 2024-1-ES01-KA131-HED-000211916 e cargo á partida 8052-4973-48000.

5.2 A axuda de mobilidade Erasmus+ para mobilidades de curta duración está financiada pola Unión Europea co obxecto de sufragar parte dos gastos ocasionados pola participación neste programa de mobilidade internacional. Non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos da estadía no estranxeiro.

5.3 A contía da axuda económica vai parella unicamente ao período de mobilidade física. Trátase dunha cantidade fixa en concepto de axuda individual de mantenza segundo o número de días de estadía, diferente segundo se pertenza ao colectivo estudantil ou ao persoal, e en concepto de viaxe, segundo a distancia do destino.

5.4 O importe da axuda individual de mantenza para o **estudiantado** é de **79€ por día** de actividade.

5.5 O estudiantado con menos oportunidades recibirá 100€ adicionais para toda a estadía. Recibe a consideración de estudiantado con menos oportunidades aquela persoa que se atope nalguna das circunstancias establecidas polo SEPIE na seguinte ligazón: http://sepie.es/doc/comunicacion/jornadas/2023/22_marzo/inclusion_ka1_educacion_superior.pdf.

5.6 O importe da axuda individual de mantenza para o **persoal** está calculado por día de actividade segundo o país de destino:

País de destino	Importe diario da axuda
Grupo 1: Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos, Suecia e Reino Unido (país non asociado)	120€
Grupo 2: Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal	105€
Grupo 3: Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía	90€

5.7 No caso de viaxe estándar, a maiores das contías establecidas nos puntos anteriores, as persoas seleccionadas (estudiantado, PDI e PTXAS) terán dereito a **2 días adicionais** de axuda individual, correspondentes a un día de viaxe antes da actividade e outro despois dela.

5.8 No caso de viaxe ecolóxica (entendida esta como a que emprega medios de transporte colectivo con baixas emisións no tramo principal do traxecto, como o autobús ou o ferrocarril), a persoa beneficiaria terá dereito a **4 días adicionais** de axuda individual de mantenza. Para poder recibir esta axuda adicional, a persoa beneficiaria da axuda deberá presentar copia dos billetes de tren ou autobús xunto co convenio de subvención.

5.9 As persoas participantes (estudiantado, PDI e PTXAS) terán tamén dereito á axuda de viaxe (segundo a distancia reflectida na seguinte táboa en base á calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm:

Distancias	Viaxe estándar (por participante)	Viaxe ecolóxica
Entre 10 e 99 km	28 €	56 €
Entre 100 e 499 km	211 €	285 €
Entre 500 e 1.999 km	309 €	417 €
Entre 2.000 e 2.999 km	395 €	535 €
Entre 3.000 e 3.999 km	580 €	785 €

5.10 O pagamento realizarase por transferencia bancaria segundo o estipulado no convenio de subvención asinado entre a persoa beneficiaria e a USC. Os días de mobilidade calcúlanse en base ao *Certificado de Fin de Estadía* que as persoas participantes deben solicitar na institución de acollida ao remate do período de mobilidade física. De non achegarse á OM este certificado coa duración mínima do BIP á finalización da súa estadía debidamente cuberto, asinado e selado pola institución de acollida, a persoa beneficiaria estará na obriga de devolver a totalidade da axuda económica recibida.

5.11 O estudiantado seleccionado que posúa bolsas ou préstamos de carácter nacional seguirá percibíndoos na súa totalidade durante o período de mobilidade no estranxeiro, agás que a convocatoria da bolsa ou do préstamo de que se trate estableza a incompatibilidade.

5.12 A USC, como mera entidade colaboradora, non determina as contías das axudas recollidas nos parágrafos anteriores. Estas son mencionadas a efectos informativos e, en ningún caso, comprometerán legalmente á USC. A USC tampouco será responsable dos posibles danos ocasionados e débedas contraídas polas persoas beneficiarias durante o período da súa axuda.

SEXTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

6.1 A presentación de solicitudes realizárase segundo se indique na fichas correspondentes a cada curso, que figurarán como anexo na resolución coa publicación de ofertas en cada un dos prazos de solicitude.

6.2 O prazo de solicitudes de cada BIP individual estará especificado tanto na plataforma de EUniWell como na ficha correspondente e, de xeito xeral, estará aliñado cos períodos de solicitudes definidos pola Alianza:

1. De 24 de setembro a 3 de outubro de 2025
2. De 24 de novembro de 2025 a 16 de xaneiro de 2026
3. De 23 de febreiro a 15 de marzo de 2026

SÉTIMA. ADMISIÓN DE SOLICITUDES E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN

7.1 A OM comprobará a elixibilidade das persoas candidatas trala recepción das solicitudes. En caso de que a solicitude precise emenda, este feito seralle notificado ás persoas interesadas para a súa subsanación nun prazo de 5 días hábiles.

7.2 Serán excluídas de oficio as candidaturas de persoas que, resultando seleccionadas en anteriores convocatorias de mobilidade da OM, non presentasen en ditas convocatorias a súa aceptación ou renuncia formal ou que renunciasen sen causa xustificada fóra de prazo. A OM comunicará a exclusión á persoa solicitante.

7.3 O estudantado poderá participar nun único BIP por curso académico e nun máximo de dous por ciclo de estudos.

7.4 As solicitudes que cumpran os criterios de selección serán avaliadas conforme o baremo establecido para cada un dos BIP ofertados segundo se describa na ficha correspondente a cada un, agás nos casos en que o número de solicitudes admitidas fose igual ou menor ao número de prazas ofertadas para cada BIP, en cuxo caso a proposta de concesión realizárase de xeito directo, sen necesidade de avaliación. En todo caso, terán prioridade as candidaturas que non teñan realizado previamente outro BIP ou outra actividade de mobilidade EUniWell dotada de financiamento pola USC.

7.5 A avaliación, cando proceda, será realizada por unha Comisión de Selección constituída pola vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, ou persoa en que delegue, a xefa da Oficina de Mobilidade, ou persoa en que delegue, e un membro do persoal técnico de EUniWell-USC, que realizará as funcións de secretario/a.

OITAVA. ASIGNACIÓN DAS AXUDAS

8.1 A proposta de concesión de axudas será publicada na Sede Electrónica da USC, coa indicación dunha lista ordenada das persoas candidatas seleccionadas e de candidatos/as en lista de agarda, de ser o caso. Excepcionalmente, en función da dispoñibilidade orzamentaria e do acordo de prazas coa institución organizadora do BIP, a OM poderá incrementar o número de axudas e asignalas segundo a orde establecida nesa lista.

8.2 As persoas candidatas disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar reclamacións contra a resolución da súa solicitude perante a Comisión de Selección. As reclamacións serán resoltas pola mesma Comisión e debidamente notificadas ás persoas reclamantes.

8.3 As candidaturas do estudantado deberán ser informadas positivamente pola persoa con competencias en mobilidade do seu centro no caso do estudantado de grao e polo/a coordinador/a do Máster ou director/a de tese no caso dos niveis superiores de estudos.

NOVENA. ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

9.1 As persoas solicitantes deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito a través do formulario habilitado para tal efecto que se porá á súa disposición coa notificación de concesión da axuda.

9.2 As persoas solicitantes que non presenten a súa aceptación ou renuncia por escrito no prazo que lle comunique a OM consideraranse decaídas nos seus dereitos. A renuncia á praza fóra do prazo establecido e sen causa xustificada debidamente acreditada será motivo de exclusión en futuras convocatorias de mobilidade da OM.

DÉCIMA. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

Antes do inicio do BIP

10.1 Unha vez aceptada a praza de mobilidade, as persoas beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación na OM (erasmus@usc.gal):

- i. O documento de *Acordo de Aprendizaxe/Formación*, que lle será proporcionado pola OM, asinado por todas as partes, incluíndo a sinatura da institución de acollida.
- ii. Copia do seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe da USC para o estudiantado e un seguro de cobertura análogo para o PDI/PTXAS.
- iii. No caso do estudiantado, conta bancaria na que desexa recibir a axuda en caso de resultar beneficiario da mesma. Esta conta deberá ser dunha entidade bancaria radicada en territorio español e a persoa interesada deberá ser a súa titular.

10.2 Unha vez revisada a documentación na OM, o seu persoal comunicará a cada persoa beneficiaria o prazo e o procedemento para asinar o *Convenio de Subvención Erasmus+*. Este convenio deberá ser asinado en todo caso antes da súa incorporación á entidade de acollida.

10.3 A persoa interesada deberá cumprir tamén cos procedementos dispostos pola institución organizadora do BIP non prazos que esta estableza.

10.4 Non poderá comezarse a parte de mobilidade física do BIP sen completar previamente estes pasos.

Durante a realización do BIP

10.5 As persoas solicitantes que non presenten renuncia no prazo establecido (ver base novena) comprométese a participar tanto na parte virtual como na compoñente presencial do BIP. A USC adquire un compromiso coa universidade organizadora, que, de non acadar o mínimo de persoas participantes, perdería a subvención Erasmus+ para a coordinación do programa.

10.6 Antes de finalizar a estadía, as persoas beneficiarias solicitarán á persoa supervisora na institución de destino que cubra e asine o *Certificado de Fin de Estadía*.

Despois da realización do BIP

10.7 As persoas beneficiarias enviarán á OM (erasmus@usc.gal) o *Certificado de Fin de Estadía* asinado e selado pola institución de acollida, no formato desa institución ou no formato dispoñible na intranet da OM no prazo máximo dun mes. O incumprimento deste apartado obrigará á devolución total da axuda económica concedida.

10.8 As persoas beneficiarias teñen a obriga, así mesmo, de realizar ao remate da estadía un informe final (*EU Survey*) a través da plataforma que a UE ten habilitada para este propósito. Este informe é obrigatorio

e debe ser cumprimentado nun prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da invitación por correo electrónico.

DECIMOPRIMEIRA. RECOÑECIMENTO DA FORMACIÓN REALIZADA

11.1 A OM expedirá, a solicitude da persoa beneficiaria da axuda, un documento acreditativo de ter participado no programa Erasmus+. O estudantado de grao e máster universitario poderá recoñecer a formación realizada no BIP como Créditos optativos xenéricos - programa de intercambio ou segundo se estableza no plan de estudos correspondente. O estudantado de doutoramento poderá incluír o BIP no seu Documento de Actividades.

DECIMOSEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)
A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización
María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento
Administrativo Común das Administracións Públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/09/2025 12:19:51.

CSV: 12B3-51C6-41BC-9AE4